

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten dona M^a Luisa Souza Veiga, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 31 de xaneiro de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201901311900510000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2018 e á sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018

Acceso á videoacta – 00:00:29 horas

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2018 e á sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- vinte concelleiros na sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2018 [os catro concelleiros do PP que se relacionan: dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; os dous concelleiros do BNG; a concelleira do GM (C's); e os dous concelleiros non adscritos]

- dezanove concelleiros na sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018 [os catro concelleiros do PP que se relacionan: dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe; os cinco concelleiros de UxC; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os dous concelleiros de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG; a concelleira do GM (C's); e os dous concelleiros non adscritos]

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento do escrito de don Manuel Rivas Caridad respecto do abandono do grupo municipal do Partido Popular no que está integrado

Acceso á videoacta – 00:00:59 horas

De orde do Sr. alcalde, a secretaria xeral dá lectura ao escrito presentado por don Manuel Rivas Caridad o día 24 de xaneiro de 2019, rexistrado de entrada ao núm. 0/513, no que renuncia a formar parte do grupo municipal do PP e solicita ser considerado como membro non adscrito.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión toman coñecemento do contido do escrito.

2.2. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 1/2019

Acceso á videoacta – 00:03:35 horas

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 24 de xaneiro de 2019, emitido á proposta de Alcaldía do 21 de xaneiro de 2019 na que se propón a aprobación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 104.947,50 euros.

Visto que, a petición dos señores concelleiros formulada na comisión informativa, coa conformidade do señor alcalde, se desagregaron as facturas incluídas no expediente ditaminado en dúas propostas separadas en función de que se trate, ou non, de facturas sometidas a reparo suspensivo.

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2018, na que se inclúen as facturas sometidas a reparo suspensivo, por un importe de 97.703,06 euros, do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 97.703,06 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 1/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 97.703,06 euros, correspondente ás facturas, e no seu caso certificacións de obra, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/3446	13/07/2018	B15890809	HEBE SPORT, S.L.	1.976,33
F/2018/3457	12/07/2018	G70343876	ASOCIACION CULTURAL MILLO	300,00
F/2018/3620	03/08/2018	A15943863	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.	32,07
F/2018/3696	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	58,46
F/2018/3697	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	69,62
F/2018/3698	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	215,17
F/2018/3699	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	50,72
F/2018/3700	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	199,70
F/2018/3701	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	113,26
F/2018/3702	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	60,94
F/2018/3703	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	116,45
F/2018/3704	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	97,50
F/2018/3705	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	160,78
F/2018/3706	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	85,32
F/2018/3707	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	224,13
F/2018/3708	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	73,08
F/2018/3709	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	149,25
F/2018/3710	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	192,90
F/2018/3711	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	104,31
F/2018/3712	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	206,67
F/2018/3713	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	25,23
F/2018/3714	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	76,51
F/2018/3715	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	101,08
F/2018/3722	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	48,28
F/2018/3724	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	130,32
F/2018/3725	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	241,90
F/2018/3726	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	33,24
F/2018/3728	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	263,74
F/2018/3729	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	29,16
F/2018/3730	11/08/2018	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	54,32
F/2018/3794	11/08/2018	B15890809	HEBE SPORT, S.L.	3952,66
F/2018/3805	11/08/2018	32790180T	QUIAN ROCA MIGUEL ANGEL	356,95
F/2018/3863	06/08/2018	G15702913	FUNDACION GALIZA SEMPRES	300,00
F/2018/3887	14/08/2018	F55660609	ARTICAT ARTISTAS Y PROFESIONALES DE LAS ARTES ESCENICAS, S.C.C.L.	217,80
F/2018/3904	22/08/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	1,36
F/2018/3940	30/08/2018	A78874054	BAYARD REVISTAS, S.A.	49,60
F/2018/4023	05/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	361,40



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2018/4024	05/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	611,11
F/2018/4025	05/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	362,20
F/2018/4026	05/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	162,07
F/2018/4028	05/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	52,53
F/2018/4031	05/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	344,77
F/2018/4033	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	169,23
F/2018/4034	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	21,65
F/2018/4035	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	180,12
F/2018/4036	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	548,93
F/2018/4037	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	342,59
F/2018/4038	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	259,91
F/2018/4039	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	69,59
F/2018/4040	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	146,34
F/2018/4041	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	252,43
F/2018/4042	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	364,96
F/2018/4043	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	819,57
F/2018/4045	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	349,96
F/2018/4046	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	410,87
F/2018/4047	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	932,22
F/2018/4048	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	622,53
F/2018/4049	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	117,60
F/2018/4050	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	223,31
F/2018/4051	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	869,60
F/2018/4052	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	324,93
F/2018/4053	06/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	901,92
F/2018/4182	12/09/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.111,72
F/2018/4250	12/09/2018	B15565864	EMPREGO SOCIAL, S.L.	108,90
F/2018/4288	18/09/2018	B15890809	HEBE SPORT, S.L.	3.952,66
F/2018/4302	20/09/2018	A78874054	BAYARD REVISTAS, S.A.	251,67
F/2018/4316	24/09/2018	B15890809	HEBE SPORT, S.L.	1.976,33
F/2018/4328	12/09/2018	B27379957	VETERLUCUS, S.L.U.	1.373,71
F/2018/4333	19/09/2018	32830278D	ESPINOSA RIO MARIA ESTIBALIZ	446,00
F/2018/4338	27/09/2018	A70301510	SERMOS GALIZA, S.A.	2.057,00
F/2018/4376	01/10/2018	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOUBLE, S.L.	155,30
F/2018/4378	01/10/2018	B15441934	PINTURAS GONZALEZ IGLESIAS, S.L.	15.279,88
F/2018/4399	02/10/2018	B15360902	CANARGA S.L.	56,69
F/2018/4428	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	291,91
F/2018/4435	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.289,79
F/2018/4436	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	154,13
F/2018/4449	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.028,02
F/2018/4452	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	363,82
F/2018/4455	05/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	401,68
F/2018/4696	24/10/2018	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U	518,06
F/2018/4710	26/10/2018	B15306681	GRUMAR TRADING, S.L.	181,50
F/2018/4718	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	102,51
F/2018/4719	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	63,25
F/2018/4721	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	777,46
F/2018/4722	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	414,51
F/2018/4725	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	269,79
F/2018/4727	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	104,44
F/2018/4728	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	318,45
F/2018/4730	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	667,62
F/2018/4731	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	520,45
F/2018/4732	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	758,83
F/2018/4735	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.018,97
F/2018/4737	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	929,99
F/2018/4738	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	22,13
F/2018/4744	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	809,70



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2018/4746	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	274,65
F/2018/4751	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	206,22
F/2018/4753	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	485,03
F/2018/4755	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	143,47
F/2018/4757	29/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.639,95
F/2018/4772	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	321,52
F/2018/4773	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	427,30
F/2018/4779	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	406,69
F/2018/4787	19/10/2018	G70490321	ASOCIACIÓN CULTURAL PÓRTICO DAS ARTES	550,00
F/2018/4791	18/07/2018	GB021899408000	CELTIC SHOPPING LTD	765,00
F/2018/4799	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.051,43
F/2018/4806	30/10/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	457,19
F/2018/4812	05/10/2018	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	196,23
F/2018/4814	05/10/2018	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	47,27
F/2018/4815	05/10/2018	32817716M	VILLAR GONZALEZ, PAULA	16,20
F/2018/4816	05/10/2018	32817716M	VILLAR GONZALEZ, PAULA	365,45
F/2018/4828	31/10/2018	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	773,19
F/2018/4831	31/10/2018	B70314570	PORTO-MUIÑOS, S.L.	356,95
F/2018/4856	31/10/2018	B15743750	GESTAN MEDIOAMBIENTAL, S.L.	728,35
F/2018/4862	02/11/2018	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U	344,25
F/2018/4863	02/11/2018	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U	443,80
F/2018/4908	09/11/2018	B70465000	ECOCLIMA APLICACIONES, S.L.	1.335,96
F/2018/4923	31/10/2018	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIOS GABA)	134,31
F/2018/4926	07/11/2018	32795957G	RAMOS PARDO JOSE MANUEL	33,88
F/2018/5026	12/11/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	673,20
F/2018/5027	12/11/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	575,16
F/2018/5046	12/11/2018	B15508369	ARENAS MALGO, S.L.	210,38
F/2018/5047	12/11/2018	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOUBLE, S.L.	153,23
F/2018/5048	12/11/2018	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOUBLE, S.L.	193,50
F/2018/5051	12/11/2018	B15360902	CANARGA S.L.	2.317,42
F/2018/5066	12/11/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	23,94
F/2018/5067	12/11/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	25,64
F/2018/5068	12/11/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	25,64
F/2018/5070	12/11/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	43,67
F/2018/5091	14/11/2018	B15259765	SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.	40,18
F/2018/5104	14/11/2018	A70301510	SERMOS GALIZA, S.A.	620,00
F/2018/5112	13/11/2018	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIOS GABA)	91,96
F/2018/5114	14/11/2018	32709960G	VALES VARELA RICARDO	1.210,00
F/2018/5116	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	369,32
F/2018/5117	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	212,30
F/2018/5118	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	39,03
F/2018/5119	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	32,02
F/2018/5120	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	40,95
F/2018/5121	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	24,50
F/2018/5122	14/11/2018	76405097V	AMO DOBARRO MARIA PILAR	45,00
F/2018/5127	19/11/2018	A15943863	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.	107,12
F/2018/5131	16/11/2018	B15732423	ARIDOR VILABOA S.L.	572,00
F/2018/5132	12/11/2018	46906818C	MARTÍNEZ SUÁREZ IVÁN	847,00
F/2018/5133	19/11/2018	A15943863	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.	283,38
F/2018/5140	16/11/2018	32817716M	VILLAR GONZALEZ, PAULA	347,35
F/2018/5144	20/11/2018	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIOS GABA)	14,52
F/2018/5146	21/11/2018	B15306681	GRUMAR TRADING, S.L.	60,50
F/2018/5147	22/11/2018	B70548631	MARMAR OUTDOOR, S.L.	145,20
F/2018/5160	26/11/2018	B15724719	SENES CIT, S.L.	326,50
F/2018/5170	22/11/2018	32795957G	RAMOS PARDO JOSE MANUEL	58,08
F/2018/5173	26/11/2018	J70337720	NOVA CRISTALERIA, S.C.	138,91
F/2018/5180	28/11/2018	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO S.A.	211,64

F/2018/5208	30/11/2018	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOBLE, S.L.	42,35
F/2018/5215	01/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	368,34
F/2018/5239	04/12/2018	A81962201	EDITORIAL ARANZADI, S.A.	458,00
F/2018/5241	04/12/2018	B15360902	CANARGA S.L.	1.357,09
F/2018/5255	30/11/2018	33303143V	CASTRO FERREIRO JOSE A.	180,00
F/2018/5256	30/11/2018	32817716M	VILLAR GONZALEZ, PAULA	326,10
F/2018/5265	04/12/2018	B15508369	ARENAS MALGO, S.L.	202,68
F/2018/5269	04/12/2018	76407449T	CUBA CRESPO JOSE LUIS	180,00
F/2018/5272	05/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	148,33
F/2018/5274	05/12/2018	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	25,91
F/2018/5275	05/12/2018	B15359185	COMERCIAL MAQUINARIA F3, S.L.	8,25
F/2018/5276	05/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	467,48
F/2018/5293	05/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	496,50
F/2018/5306	06/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	549,87
F/2018/5308	06/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.267,10
F/2018/5316	06/12/2018	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	3.411,40
F/2018/5451	07/12/2018	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	171,99
F/2018/5456	11/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	609,86
F/2018/5457	11/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	29,80
F/2018/5458	11/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	210,00
F/2018/5476	13/12/2018	B84527977	CUALTIS S.L.U.	40,56
F/2018/5496	17/12/2018	B15023294	PREFABRICADOS DE HORMIGON NUCAS S.L.	21,60
F/2018/5517	18/12/2018	A15943863	TORNEIRO MAQUICORUÑA, S.A.	63,65
F/2018/5524	18/12/2018	B15170095	L. BUGALLO, S.L.	6.894,51
F/2018/5536	19/12/2018	B15999857	LUZ CORUÑA, S.L.	96,80
F/2018/5547	19/12/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	5,40
F/2018/5548	19/12/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	5,40
F/2018/5550	19/12/2018	B70284534	GALAIKA PARQUES Y JARDINES, S.L.	5,40
F/2018/5579	21/12/2018	B15077324	CONTENEDORES DE LA CORUÑA, S.L.	339,90
F/2018/5583	22/12/2018	B70285952	MANU SPORTS CAMBRE S.L.	10,01
F/2018/5618	27/12/2018	J15165715	MANUEL ALDAO QUINDIMIL Y OTRO, S.C.	157,23
TOTAL				97.703,06 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.3. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 2/2019

Acceso á videoacta – 00:13:00 horas

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 24 de xaneiro de 2019, emitido á proposta de Alcaldía do 21 de xaneiro de 2019 na que se propón a aprobación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 104.947,50 euros.

Visto que, a petición dos señores concelleiros formulada na comisión informativa, coa conformidade do señor alcalde, se desagregaron as facturas incluídas no expediente ditaminado en dúas propostas separadas en función de que se trate, ou non, de facturas sometidas a reparo suspensivo.

Vista a proposta de Alcaldía de data 28 de xaneiro de 2018, na que se inclúen as facturas non sometidas a reparo suspensivo, por un importe de 7.244,44 euros, do seguinte teor literal:

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 7.244,44 euros.

“Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra, non terse conformado polos responsables do contrato ou ben por mor da acumulación de tarefas ao fin do exercicio na intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 7.244,44 euros, correspondente ás facturas, e no seu caso certificacións de obra, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/3512	18/07/2018	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	168,00
F/2018/3542	26/07/2018	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U	1.082,04
F/2018/3548	27/07/2018	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U	135,79
F/2018/3900	22/08/2018	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U	226,56
F/2018/4002	05/09/2018	B15862667	GESTORA DE SUBPRODUCTOS DE GALICIA, S.L.	41,14
F/2018/4685	23/10/2018	B70517883	GALICIA EVENTOS Y OCIO, S.L	3.200,00

F/2018/5214	01/12/2018	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	350,00
F/2018/5233	03/12/2018	A15117609	SUPERVISION Y CONTROL, S.A.	94,57
F/2018/5408	10/12/2018	B15141054	ORTO PARQUES Y JARDINES, S.L.	392,73
F/2018/5446	10/12/2018	B15732753	PANADERIA MARTIPAN DE CECEBRE, S.L.	493,57
F/2018/5529	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	47,25
F/2018/5530	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	147,60
F/2018/5531	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	177,14
F/2018/5532	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	64,95
F/2018/5533	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	82,55
F/2018/5534	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	150,00
F/2018/5538	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	59,66
F/2018/5539	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	78,64
F/2018/5540	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	149,65
F/2018/5541	17/12/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	102,60
			TOTAL	7.244,44 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar os referidos reparos co fin de que estes non se repitan.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Votan en contra os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos). E abstéñense os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4. Proposta de aprobación definitiva do Plan especial de equipamento en solo rústico de Cela

Acceso á videoacta – 00:21:39 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 16 de xaneiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“En relación co Plan especial de equipamento en solo rústico de Cela, redactado polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz, aprobado inicialmente por resolución da Alcaldía núm. 429/2018, do 21 de febreiro, e aprobado provisionalmente por resolución da Alcaldía núm. 1758/2018, do 31 de agosto.

Visto o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, coa conformidade da secretaria xeral do Concello, con data do 15 de xaneiro de 2019.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDO** a adoptar:

1º.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas polo concelleiro Antonio Bruquetas Santos, na representación do Grupo Municipal Asemblea Cidadá de Cambre, ao Plan especial de equipamento en solo rústico de Cela, por canto que se

corríxen os erros observados nos documentos gráficos deste instrumento e por canto que o resto dos apartados recollidos nas mesmas xa estaban previstos en dito instrumento de ordenación, así a ordenación contida no mesmo redefina o viario existente ampliándoo e incorporando prazas de aparcadoiro, a normativa técnica do documento esixe a incorporación de especies arbóreas autóctonas e en toda a fronte do viario prevese beirarrúas, correspondendo a concreción da sinalización horizontal e vertical ao proxecto de urbanización pertinente que se ten que aprobar.

2º.- Aprobar definitivamente o Plan especial de equipamento en solo rústico de Cela redactado polo arquitecto Ángel Luis Monteoliva Díaz, de conformidade cos artigos 36.4 e 75 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

3º.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, así como da normativa e ordenanzas deste Plan especial no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de conformidade co artigo 82.2 e 3 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

4º.- Inscribir este Plan especial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia unha vez publicado este acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e antes da publicación da súa normativa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co artigo 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

5º.- Notificar individualmente o presente acordo de aprobación definitiva a todos os titulares catastrais dos terreos afectados, de acordo co artigo 186.4 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 24 de xaneiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.5. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria e orzamento do Concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2019

Acceso á videoacta – 00:26:15 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do día 22 de xaneiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«O artigo 9.2 da Constitución española establece que “Corresponde aos poderes públicos ... facilitar a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.”

Os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns e o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local 7/85, de 2 de abril, no seu apartado primeiro, faculta aos municipios a promover actividades para a xestión dos seus intereses e dentro das súas competencias e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e no seu apartado segundo, letra m), sinala como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais.

O municipio afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización da cultura, orientando a súa estratexia cara a consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade nos equipamentos e recursos técnicos-humanos.

Segundo o establecido no artigo 3 da lei 5/2016 de 5 de maio de patrimonio de Galicia, as Administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade. Así mesmo o artigo 9.3. 2º e 5º define como parte do patrimonio cultural as tradicións, festividades e ritos.

O concurso de disfraces, comparsas e carrozas que se celebra o sábado de Entroido pequeno en Cambre conta cunha importante participación veciñal no noso municipio, e que mesmo nas últimas edicións transcende a outros municipios limítrofes, a pesar de que a asistencia de público pode verse afectada polas circunstancias climatolóxicas. A finalidade da celebración desta festa segue a ser a mesma celebrar un ano máis esta tradicional festa, con forte arraigo popular. Obxectivo é estimular a participación cidadá e a relación interxeneracional.

Coa intención política de estimular a participación grupal nas comparsas e carrozas, ao igual que na edición anterior, mántéñense o número e o importe dos premios.

Por todo isto, propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases da convocatoria do Concurso de disfraces, comparsas e carrozas do *Entroido en Cambre 2019* co seguinte teor literal, así como a súa convocatoria:

“BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2019

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido.

1.- MODALIDADE DE DISFRACES

- 1.1. Nesta modalidade hai dúas categorías: infantil (menos de 12 anos) e xeral (a partir de 12 anos), na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo. No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou noutra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes.
- 1.2. Os participantes realizarán a inscrición no interior da carpa na que terá lugar o evento, inmediatamente antes do desfile, que será cando se lle asigne un número de participación.
- 1.3. Non se permitirá subir ao escenario aqueles complementos dos disfraces que superen un metro cadrado.

2.- MODALIDADE DE COMPARSAS

- 2.1. Poderán participar as comparsas previamente inscritas, compostas por un mínimo de seis persoas con disfraces que teñan relación entre si, e que participen no desfile ata o Campo da Feira. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 4 minutos. Poderán traer un CD ou un pendrive coa música de acompañamento para a súa interpretación; este CD facilitaráselle á organización uns minutos antes da actuación ou cando se lles requira. Deberán achegar xunto coa inscrición un documento coas indicacións para o técnico de son.
- 2.2. As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartirase

proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3.- MODALIDADE DE CARROZAS

- 3.1. Poderán participar todas as carrozas compostas por seis ou máis compoñentes, inscritas previamente, presentes no punto de saída e que participen no desfile ata o Campo da Feira.
- 3.2. Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal. A altura máxima será de 4,20 m. No caso de que se supere a altura os elementos deben ser desmontables.
- 3.3. As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 17, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.
- 3.4. Aqueles participantes na modalidade de carroza con dereito a gratificación que tamén se presenten como comparsa, só poderán percibir a gratificación para carrozas.

4.- INSCRICIÓN PARA CARROZAS E PARA COMPARSAS

- 4.1. O período de inscrición será do 21 de febreiro ata o 7 de marzo. A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude en calquera das oficinas de Rexistro Municipal ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

5.- PREMIOS

- 5.1. Os premios a outorgar serán os seguintes.

PREMIOS				
Disfraces			Comparsas	Carrozas
	Infantil	Xeral		
1º	Cheque-agasallo por valor de 100 euros	Cheque-agasallo por valor de 100 euros	200 euros	400 euros
2º	-	-	100 euros	300 euros
3º	-	-	-	200 euros
4º	-	-	-	100 euros

- 5.2. O xurado poderá declarar deserto calquera deles.
- 5.3. No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

6.- PAGO DOS PREMIOS

- 6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaránse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

- 6.2.** Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:
- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
 - Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
 - No caso das asociacións deberán aportar o CIF e o número de conta da propia asociación; e os grupos o número de conta bancaria dun dos dous representantes.
- 6.3.** A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter da Axencia tributaria estatal datos sobre o cumprimento das súas obrigas con esta. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiadas están ao corrente das súas obrigas coa AEAT e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.
- 6.4.** A data límite para entregar a documentación é o 29 de marzo de 2019. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.
- 6.5.** Cara os efectos do pago dos premios/gratificacións na instancia "Datos fiscais" sinalarase un número de conta bancaria, titularidade do premiado, do representante ou dun dos representantes. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.
- 6.6.** Os premios da modalidade de disfraces consistirán nun cheque-agasallo. Poderán ser trocados nos establecementos colaboradores de Cambre por libros, xogos didácticos ou material escolar, material deportivo ou téxtil, unha vez aprobada a resolución de concesión dos premios que será notificada aos premiados.

7.- ASPECTOS XERAIS

- 7.1.** A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas serán ubicadas no Campo da Feira e nas súas inmediacións durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.
- 7.2.** A organización poderá desqualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade ...
- 7.3.** Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

8.- XURADO

- 8.1.** O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido polo concelleiro da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello.
- 8.2.** A participación no concurso do Entroido 2019 en Cambre implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

9.- CRITERIOS DO XURADO

- 9.1.** O xurado valorará os seguintes aspectos:
- A orixinalidade, estética, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas.

- b. A posta en escea, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social.
- c. Conservación do *Entroido tradicional*.
- d. O uso do galego, tanto oral como escrito.
- e. O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio.
- f. O xurado outorgara un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.”

Segundo: Aprobar os modelos normalizados de solicitude e xustificación, que se achegan a continuación:

Núm.:

CONCURSO ENTROIDO 2019

FICHA INSCRIPCIÓN DISFRACES (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

CATEGORÍA: INFANTIL XERAL

NOME ARTÍSTICO:

INDIVIDUAL

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF:	Teléfono:
Enderezo:	
Localidade:	e-mail:

GRUPO

Nome e apelidos: Idade:.....
Nome e apelidos: Idade:.....
Nome e apelidos: Idade:.....
Nome e apelidos: Idade:.....
Nome e apelidos: Idade:.....
Nome e apelidos: Idade:.....

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF:	Teléfono:
Enderezo:	
Localidade:	e-mail:
Nome e apelidos:	Asdo:
NIF:	Teléfono:
Enderezo:	
Localidade:	e-mail:



Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinala o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 areacultura@cambre.org

Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Núm.:

CONCURSO ENTROIDO 2019

FICHA INSCRICIÓN CARROZAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

- Asociación veciñal:
- Grupo de veciños:
- Outros concellos:

NOME ARTÍSTICO:

Breve descripción / composición / medidas (largo incluído o vehículo / ancho / alto)

.....
.....
.....

Iluminación da carroza segundo a normativa vixente de circulación
Compoñentes (mínimo 6)

	Empadroado en Cambre
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: Asdo:
NIF: Teléfono:
Enderezo:
Localidade: e-mail:

Nome e apelidos: Asdo:
NIF: Teléfono:
Enderezo:
Localidade: e-mail:



Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinalo o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 areacultura@cambre.org

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Núm.:

CONCURSO ENTROIDO 2019

FICHA INSCRICIÓN COMPARSAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

- Asociación veciñal:
- Grupo de veciños:
- Outros concellos:

NOME ARTÍSTICO:

Breve descrición / composición

.....
.....
.....

Necesidades: Pendrive Lector CD Nº micrófonos **Outros:**

Compoñentes (mínimo 6)

Empadroado en Cambre

Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>
Nome e NIF:	SI <input type="checkbox"/>

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF: Teléfono:	
Enderezo:	
Localidade: e-mail:	

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF: Teléfono:	
Enderezo:	
Localidade: e-mail:	

Coa sinatura dos representantes autorízase ao Concello de Cambre á ivulgación das fotografías que se realicen neste evento cultural. No caso contrario sinala o recadro que segue: non autorizo cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das bases do mesmo e que está informado das normas que se achegan no dorso. Máis información 981 613 193 areacultura@cambre.org

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

Normas que figuran no dorso das solicitudes de inscrición

NOTA INFORMATIVA XERAL

- Para que o acto se desenvolva con normalidade, as persoas participantes no concurso deberán en todo momento seguir as indicacións da Policía Local, Protección Civil e do personal da organización.
- ***Queda totalmente prohibido o uso de vasos de cristal na festa do Entroido, así como subir ao escenario con bebidas en calquera tipo de envase.***
- Os/as participantes no concurso que causasen altercados durante a celebración da festa poderán ser descalificados do concurso a criterio da organización.
- Contra a 01:00 h deberá respectarse o descanso da veciñanza.
- A data límite para a presentación da folia dos datos fiscais xunto co NIF dos representantes e, no caso das asociacións, o CIF, documentación necesaria para o cobro dos premios/gratificacións, será o 29 de marzo de 2019.
- O titular da conta debe corresponderse cun dos representantes legais; comprobarase que cumpra coas súas obrigas tributarias. No caso das asociacións a titular da conta debe ser a propia asociación.

NOTA INFORMATIVA PARA AS CARROZAS

- As carrozas non poden facer lume nin brasas no seu interior ou transportar líquidos inflamables, pirotecnia, antorchas ou obxectos con chama.
- As carrozas que non contén coa iluminación segundo a normativa de circulación vixente non poderán desprazarse de noite. Estas serán trasladadas todas ao mesmo tempo a un lugar alternativo a partir das 23.59 h. Este operativo será coordinado pola Policía local. O domingo 10 de marzo ás 11.00 h deberán retirarse do espazo asignado.
- Non está permitido viaxar na carroza ata o lugar de concentración; unicamente poderase transportar xente durante o percorrido do desfile.
- O subministro eléctrico temporal autónomo precisará a pertinente autorización, é dicir, un boletín eléctrico. A maiores da autorización será preciso contar cun extintor de incendios en regra no interior da carroza.

Moitas grazas pola súa colaboración e feliz Entroido 2019!!!

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade

CONCURSO ENTROIDO 2019

Datos Fiscais PREMIOS

CARROZAS

COMPARSAS

Nº... Nome artístico: Premio Importe: €

GRUPO Representantes (2)

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF: Teléfono:	
Enderezo:	
Localidade: e-mail:	

Nome e apelidos:	Asdo:
NIF: Teléfono:	
Enderezo:	
Localidade: e-mail:	

O IBAN da conta para facer efectiva esta gratificación é (24 caracteres) **(Só para a modalidade de carrozas e comparsas)**

IBAN					
TITULAR CONTA					

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

- 6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaránse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.
- 6.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:
 - a. Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
 - b. Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
 - c. No caso das asociacións deberán aportar o CIF e o número de conta da propia asociación; e os grupos o número de conta bancaria dun dos dous representantes.
- 6.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter da Axencia tributaria estatal datos sobre o cumprimento das súas obrigas con esta. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.
- 6.4. A data límite para entregar a documentación é o 29 de marzo de 2019. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.
- 6.5. Cara os efectos do pago dos premios/gratificacións na instancia "Datos fiscais" sinalarase un número de conta bancaria, titularidade do premiado, do representante ou dun dos representantes. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso

Cambre, de de 2019

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre

CONCURSO ENTROIDO 2019

Datos Fiscais GRATIFICACIÓNS

GRATIFICACIÓN CARROZAS

GRATIFICACIÓN COMPARSAS

Asociación vecinal:

Grupo de veciños:

INFORMACIÓN PARA O PAGO DA GRATIFICACIÓN (segundo o punto 2.2 e 3.3 das bases do concurso):

"2.2.- As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio, a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello."

3.3.- As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 17, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello."

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

- 6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaránse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.
- 6.6. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:
 - a. Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
 - b. Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
 - c. No caso das asociacións deberán aportar o CIF e o número de conta da propia asociación; e os grupos o número de conta bancaria dun dos dous representantes.
- 6.7. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter da Axencia tributaria estatal datos sobre o cumprimento das súas obrigas con esta. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e co Concello, non podendo recibir o premio de incumprirse esta condición.
- 6.8. A data límite para entregar a documentación é o 29 de marzo de 2019. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.
- 6.9. Cara os efectos do pago dos premios/gratificacións na instancia "Datos fiscais" sinalarase un número de conta bancaria, titularidade do premiado, do representante ou dun dos representantes. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente

O IBAN da conta para facer efectiva esta gratificación é (24 caracteres)

IBAN					
TITULAR CONTA					

Os representantes que asinan esta inscrición declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso do Entroido en Cambre 2019, que son maioritariamente veciños do concello.

Cambre, de de 2019

Asdo.:
Representante

Asdo.:
Representante

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre"

Terceiro: Aprobar un gasto por importe de sete mil cen euros (7.100,00 euros), correspondentes á aplicación 2019 338 481.00, segundo o seguinte detalle:

	UNID.	Importe
Premios e gratificacións		
Premios aos disfraces: infantil e xeral	2	200,00 €
Premios ás comparsas	2	300,00 €
Premios ás carrozas	4	1.000,00 €
Gratificacións carrozas (300,00 euros)	17	5.100,00 €
Gratificacións comparsas (100,00 euros)	5	500,00 €

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as *BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2019*, e publicárase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación definitiva das Bases.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 24 de xaneiro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.6. Aprobación, se procede, das bases, ficha de inscrición e orzamento do Certame Literario Xoán Díaz-Cambre 2019

Acceso á videoacta – 00:33:42 horas

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade do día 22 de xaneiro de 2019, modificada por ditame da Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 24 de xaneiro de 2019, quedando redactada do seguinte teor literal:

“O artigo 9.2 da Constitución española establece que “Corresponde aos poderes públicos [...] facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.”

Os concellos son as administracións máis próximas aos cidadáns con competencias en materia de promoción cultural, deportiva e de ocio e tempo libre. A Lei 7/1985, 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, modificada pola Lei

27/2013 de 27 de decembro, no seu artigo 25, punto 2 apartado m), establece entre as súas competencias a “Promoción da cultura e equipamentos culturais”.

O municipio afronta a responsabilidade inmediata de promover a democratización da cultura, orientando a súa estratexia cara a consolidación de programacións estables, con obxectivos a medio e longo prazo sobre un traballo baseado en obxectivos definidos, metodoloxía e calidade nos equipamentos e recursos técnicos e humanos.

Segundo o establecido no artigo 3 da lei 5/2016 de 5 de maio de patrimonio de Galicia, as Administracións locais deben colaborar na salvagarda e na conservación do patrimonio cultural, fomentado o goce e estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade. Así mesmo o artigo 3 punto 1.1º considera “a lingua como vehículo do patrimonio cultural e inmaterial, regulada pola súa normativa específica”.

A lei 3/1983, de 15 de xuño, no artigo 25 di que “as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras”.

Ao mesmo tempo, a propia ordenanza municipal de normalización lingüística publicada no BOP n.º 19 do 24 de xaneiro de 2009, no artigo 2 punto 4, di que: “O Concello manterá un Servizo de Normalización Lingüística co obxectivo de impulsar a normalización do galego a todos os niveis e coordinar as accións necesarias para dar cumprimento a esta ordenanza”.

Con tal motivo, unha das actividades que promove a Concellaría de Cultura, Deportes e Mobilidade desde hai 25 anos é o Certame Literario de Poesía e Narración Breve que, na súa XXV edición, incorporou unha nova proposta literaria: o microteatro. O obxectivo do certame, desde o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Cambre, é estimular a participación activa da xuventude no eido da creación artística e, máis concretamente, no da escrita en galego.

Este ano, a proposta do profesorado do IES David Buján de Sigrás dos departamentos de Lingua e Literatura e Normalización Lingüística, punto de partida do Certame Literario impulsado especialmente por Xoán Díaz e Pilar Tobar, entre outros. O pasado ano 2018, despois do pasamento do profesor Xoán Díaz, o profesorado do instituto propuxo, como homenaxe e recoñecemento ao labor desenvolvido por el, cambiar o nome do certame e que pasase a denominarse Certame Literario- Xoán Díaz.

Por todo isto, propónse ao Pleno Municipal a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar inicialmente as bases do Certame Literario - Xoán Díaz.

‘BASES XXVI CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ – CAMBRE 2019

PRIMEIRA.- Poderá participar neste certame calquera moza/-o de idade comprendida entre os 12 e os 26 anos cumpridos antes da data límite de presentación das propostas, segundo as seguintes categorías:

CATEGORIA A:	de 12 a 14 anos
CATEGORIA B:	de 15 a 18 anos
CATEGORIA C:	de 19 a 26 anos

SEGUNDA.- Cada participante poderá presentar unha proposta a calquera das tres modalidades existentes: Poesía, Narración breve e Microteatro. Na modalidade de poesía presentaranse tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima será de cinco páxinas por unha soa cara e o tema libre. Na modalidade de microteatro a extensión será de entre 5 e 10 páxinas, a unha soa cara, con tema libre.

TERCEIRA.- Os traballos estarán escritos en lingua galega e deberán ser orixinais, inéditos e non premiados.

CUARTA.- Deberán estar escritos con ordenador, en papel de tamaño A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, paxinados e sen asinar. Entregaranse seis copias nun sobre no que figure: XXVI CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración, poesía ou microteatro). Cada traballo presentado levará xunto un sobre pechado no que, por fóra,



deberán figurar os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén datos persoais e fiscais.

QUINTA.- Os traballos poderán presentarse persoalmente nas administracións dos Institutos, nas oficinas de rexistro do Concello de Cambre ou ben seren enviados por correo ordinario, debidamente selados, a:

Concello de Cambre – Área de Cultura, Deportes e Mobilidade.
Río Barcés, 8 - 15660 Cambre

Tamén poden enviarse por correo electrónico á dirección certamexoandiaz@cambre.org figurando no asunto o PSEUDÓNIMO do autor. Enviaanse tres arquivos PDF. O primeiro deles coa ficha de inscrición do concursante; no segundo arquivo irá o DNI e, finalmente, no terceiro, o traballo que levará o PSEUDÓNIMO e o TÍTULO da obra.

SEXTA.- Haberá dous premios por categoría e modalidade, aínda que o xurado poderá declarar desertos calquera deles no caso de considerar insuficiente a calidade dos traballos presentados. O importe dos premios será de:

CATEGORIA A: 1º Premio: 173,00 € 2º Premio: 128,00 €
CATEGORIA B: 1º Premio: 218,00 € 2º Premio: 150,00 €
CATEGORIA C: 1º Premio: 300,00 € 2º Premio: 173,00 €

SÉTIMA.- Aos premios practicaráselles as retencións legalmente establecidas. Con carácter previo á concesión comprobarase de oficio que os premiados estean ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

De non cumprir estes requisitos han de emendarse polo premiado e acreditarse ante o concello antes do 30 de setembro de 2019. De non emendar e comunicar ao concello neste prazo, declararase a perda do dereito ao pagamento do premio polo interesado.

OITAVA.- Unha vez publicadas as Bases do Certame, o alcalde ou concelleiro delegado competente acordará convocar a XXVI edición do Certame Literario – Xoán Díaz. De dita convocatoria darase traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 20 da lei xeral de subvencións.

NOVENA.- O prazo de entrega de traballos comeza a partir do día da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia a través na BDNS e remata o día 30 de abril de 2019.

DÉCIMA.- A composición do xurado darase a coñecer no acto de entrega de premios, que terá lugar no Salón de Actos do instituto de secundaria *David Buján* o 31 de maio de 2019, ás 12:00 h.

UNDÉCIMA.- A organización do Certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría e enviarán á dirección de correo electrónico certamexoandiaz@cambre.org os seus traballos en formato de texto editable.

DUODÉCIMA.- Os traballos non premiados destrúense pasado un mes desde o fallo do xurado.

DÉCIMO TERCEIRA.- O xurado e a organización do certame están facultados para tomar as decisións que consideren oportunas ante a aparición dalgún imprevisto non recollido expresamente nas presentes bases. A participación neste certame implica o coñecemento e a aceptación íntegra destas bases.

Segundo: Aprobar a ficha de inscrición do certame:

“FICHA DE INSCRICIÓN

XXVI CERTAME LITERARIO XOÁN DÍAZ - 2019

Modalidade:
Categoría:

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:

NIF:

Domicilio:

Código Postal: Localidade:

Data de nacemento: Idade:

Tfno: /

Correo electrónico:

Centro de estudo/traballo:

Datos do representante legal (se o autor/a é menor de idade e non é titular da conta bancaria)

Relación co premiado :

Nome e apelidos (pai, nai ou titor)

DATOS FISCAIS

Titular da conta bancaria: (O titular da conta bancaria pode ser distinto do premiado no caso en que o premiado sexa menor de idade e/ou careza de conta aberta en entidade financeira da súa titularidade)

Nome e apelidos: NIF:

IBAN

BIC

....., a de de 2019

Asdo.

Os datos incluídos nesta ficha serán incorporados a un ficheiro manual e automatizado propiedade do Concello de Cambre. Segundo a lei orgánica 15/1999 de protección de datos, vostede poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición por escrito ao Concello de Cambre- Área de Cultura, Rúa Río Barcés, 8, 15660 Cambre ou á dirección de correo electrónico areacultura@cambre.org.

Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Cambre”

Terceiro: Aprobar un gasto de *tres mil catrocentos vinte e seis euros (3.426,00 euros)* con cargo á aplicación orzamentaria 2019 334 22706 Premios e asistencia técnicas promoción cultural, con carácter anticipado.

Cuarto: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobadas as Bases da XXVI edición do Certame Literario – Xoán Díaz, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Sexto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación definitiva das Bases.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande,

dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Abstéñense os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.7. Proposta de designación do local social sito no Souto, Sigrás, co nome de “Ángel Manuel Boga Moscoso”

Acceso á videoacta – 00:38:42 horas

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa especial de Honores e Distincións o día 24 de xaneiro de 2019.

Vista a proposta de Alcaldía de data 25 de xaneiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

«Visto o expediente incoado mediante Resolución de Alcaldía núm. 69/2019, do 10 de xaneiro, para iniciar o procedemento de concesión de honra co fin de poñer o nome de Ángel Manuel Boga Moscoso ao edificio social sito no Souto, Sigrás, que foi instruído pola concelleira dona Elisa Pestonit Barreiros.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións o día 24 de xaneiro de 2019.

En cumprimento do disposto no artigo 18.3 do Regulamento especial de honores e distincións do Concello de Cambre, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Designar o local social sito no Souto, Sigrás, co nome de “Ángel Manuel Boga Moscoso”.

Segundo: Notificar o presente acordo á Asociación de Veciños “O Gaitero” de Sigrás.

Terceiro: Dar traslado, para os efectos oportunos, ao Departamento de Estatística municipal.»

Faise constar que cando son as vinte horas e corenta minutos, antes do debate e votación deste asunto, auséntase da sesión don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte horas e corenta e tres minutos, reincorpórase á sesión don Ramón Boga Moscoso, concelleiro de UxC.

2.8. Mocions urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:43:20 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da proposta de Alcaldía do día 29 de xaneiro de 2019 de aprobación da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2017. Votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da proposta presentada.

A) Proposta de Alcaldía de aprobación da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2017

Vista a proposta de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2019 que consta do seguinte teor literal:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do Concello de Cambre do exercicio 2017, previsto no artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (téndose publicado o anuncio de exposición ao público no *Boletín oficial da provincia* núm. 244 de data 24 de decembro de 2018), que finalizou o pasado 16 de xaneiro de 2019, e non téndose presentado alegacións durante o dito prazo e os oito días seguintes, procede elevar ao Pleno, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, a seguinte **proposta de acordo**:

Aprobar a Conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio económico 2017, nos termos que constan no expediente, integrada pola conta anual do Concello e a documentación complementaria legalmente establecida, así como a súa remisión, unha vez aprobada, ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 00:55:49 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da toma de coñecemento do escrito de designación de novo voceiro do grupo municipal do PP. Votan a prol os catro

concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia do asunto que de seguido se relaciona.

B) Toma de coñecemento do escrito presentado polos concelleiros integrantes do grupo municipal do PP respecto do nomeamento de voceiro titular e suplentes

De orde do Sr. alcalde, a secretaria xeral dá lectura ao escrito dos cinco concelleiros integrantes do grupo municipal do PP, presentado o día 25 de xaneiro de 2019 a través do Rexistro Electrónico Común, que foi rexistrado de entrada no concello co núm. 900/253 o día 28 de xaneiro de 2019, e segundo o cal se designa a don Juan M^a Abalo Castex como voceiro titular e a dona M^a Jesús González Roel, dona Rocío Vila Díaz, don Manuel M^a Mora Pita e dona Marta M^a Vázquez Golpe, como suplentes.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión toman coñecemento do contido do escrito.

Acceso á videoacta – 00:56:52 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da toma de coñecemento do escrito presentado polo voceiro do grupo municipal do PP respecto da adscrición de concelleiros ás Comisións Informativas Permanentes e á Comisión Especial de Contas. Votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia do asunto que de seguido se relaciona.

C) Toma de coñecemento do escrito presentado polo voceiro do grupo municipal do PP respecto da adscrición de concelleiros ás Comisións Informativas Permanentes e á Comisión Especial de Contas

De orde do Sr. alcalde, a secretaria xeral dá lectura ao escrito do voceiro do grupo municipal do PP, presentado o día 30 de xaneiro de 2019 a través do Rexistro Electrónico Común, que foi rexistrado de entrada no concello co núm. 900/294 o mesmo día 30 de xaneiro, e segundo o cal a adscrición dos concelleiros do PP, titulares e suplentes, adscritos ás Comisións Informativas Permanentes e á Comisión Especial de Contas, son:

- Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación

Titular	Suplente
Juan M ^a Abalo Castex	Rocío Vila Díaz
Marta Vázquez Golpe	Manuel Mora y Pita da Veiga

- Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico

Titular	Suplente
Rocío Vila Díaz	Marta M ^a Vázquez Golpe
Juan M ^a Abalo Castex	M ^a Jesús González Roel

- Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social

Titular	Suplente
M ^a Jesús González Roel	Juan M ^a Abalo Castex
Manuel Mora y Pita da Veiga	Marta M ^a Vázquez Golpe

- Comisión Especial de Contas

Titular	Suplente
Marta M ^a Vázquez Golpe	Rocío Vila Díaz
Juan M ^a Abalo Castex	Manuel M ^a Mora Pita da Veiga

Os vinte concelleiros asistentes á sesión toman coñecemento do contido do escrito.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:58:44 horas

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:58:46 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) para instar aso grupos políticos de Cambre a que as persoas concelleiras sexan veciñas de Cambre. Votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do equipo de goberno (UxC, PSdeG-PSOE e BNG) para instar aos grupos políticos de Cambre a que as persoas concelleiras sexan veciñas de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 0/529 o día 25 de xaneiro de 2019. Consta do seguinte teor literal:

“O capítulo II da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral que contempla o dereito de sufraxio pasivo, establece no punto 1 do seu artigo 6 que *“son elixibles os españois maiores de idade, que posuíndo a calidade de elector, non se atopen incursos nalgunha causa de inelixibilidade”*, enumerando seguidamente os ditos supostos.

Entre estas casuísticas non se recolle, nin na dita Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, nin en ningún texto do ordenamento lexislativo vixente, a necesidade de ser veciño/a dun determinado municipio para ser candidato/a primeiro e ser proclamado/a concelleiro/a (se fose o caso) nese mesmo termo municipal. Así pois, é perfectamente legal que unha persoa sexa electa concelleira en Cambre e como tal concelleira exerza as súas funcións sen ser veciña do noso municipio.

O municipio, xustamente, é definido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local como *“a entidade básica de organización territorial do Estado”*, sinalando que *“son elementos do municipio o territorio, a poboación e a organización”*.

O artigo 15 da dita lei establece que *“o conxunto de persoas inscritas no Padrón municipal constitúe a poboación do municipio”*, engadindo que *“os inscritos no Padrón municipal son os veciños do municipio”*. Anteriormente establece que *“toda persoa que viva en España está na obriga de se inscribir no Padrón do municipio no que resida habitualmente”*. A maior abastanza o artigo 16 ditamina que *“o Padrón municipal é o rexistro administrativo onde constan os veciños do municipio. Os seus datos constitúen proba de residencia no municipio e domicilio habitual nel. As certificacións que dos ditos datos se expidan terán carácter de documento público e fidedigno para todos os efectos administrativos.”*

Como se pode apreciar, resultando legal que unha persoa veciña dun concello sexa concelleira noutro, incorre en ilegalidade aquela persoa que, sendo concelleira ou non, non está inscrita no Padrón do municipio no que reside habitualmente, como non pode ser doutro xeito.

O artigo 22 da citada Lei expón que todas as persoas concelleiras integran o Pleno municipal, indicando a continuación as funcións que a este lle corresponden. Non discutindo as disposicións legais en vigor e entendendo que o lexislador quixo protexer, non limitando o sufraxio pasivo aos veciños/as do propio municipio, o normal desenvolvemento dos procesos electorais naqueles termos municipais con moi pouca poboación ou que sufriron no seu día violencia políticas, cabe preguntarse:

1. Pode de xeito eficiente unha persoa que non vive en Cambre controlar e fiscalizar os órganos de goberno dos nosos veciños e veciñas?
2. Debe unha persoa que non é veciña de Cambre participar na alteración do noso municipio, ou incluso na súa supresión?
3. É bo que unha persoa que non vive en Cambre probe o planeamento xeral urbanístico do noso concello?
4. Resulta positivo para Cambre que unha persoa que reside fóra do concello decida sobre o regulamento orgánico, as ordenanzas, os orzamentos, os gastos, as contas, as formas de xestión dos servizos, os expedientes de municipalización, as delegacións de competencias feitas por outras administracións ou aprobación do equipo de persoal?
5. Ata que punto beneficia a Cambre que unha persoa que desenvolve a súa vida noutro municipio probe ou desaprobe os proxectos de obras e servizos, concerte operacións de crédito ou altere a cualificación xurídica dos bens de dominio público do noso concello?

Máis aló da resposta que cada que lle queira dar ás anteriores cinco preguntas, o certo é que o seu enunciado recolle, só unha parte iso si, das atribucións que teñen todas as persoas concelleiras como integrantes do Pleno. Por non entrar xa nas competencias que terían se se dera o caso de seren membros da Xunta de Goberno Local ou incluso de ocupar a Alcaldía do concello persoas que non son veciñas de Cambre.

A maiores, a mencionada lei establece unha serie de dereitos e deberes para os veciños do municipio, tales como ser elector nas eleccións municipais, participar na xestión municipal de acordo co disposto nas leis e, no seu caso, cando a colaboración con carácter voluntario dos veciños sexa interesada polos órganos de goberno e administración municipal. Utilizar os servizos públicos municipais, contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais. Ser informado, logo da petición razoada, e dirixir solicitudes á administración municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución. Pedir unha consulta popular. Esixir a prestación dun servizo público ou exercer a iniciativa popular.

Pode unha persoa que non está acoillida á anterior relación de dereitos e deberes, porque non vive en Cambre e non é veciña de Cambre, exercer con solvencia as súas funcións como concelleira?

Resulta a todas luces evidente que o óptimo e desexable por todos e para todos é que as persoas que forman parte do Pleno municipal de Cambre, vivan en Cambre, ou dito doutro xeito, que as persoas que son concelleiras en Cambre sexan veciñas de Cambre.

Somos un municipio de máis de 24.000 habitantes, cun importante dinamismo demográfico e unha vida social e política intensa, resultando un concello plural e aberto, onde conviven multitude de opinións e ideoloxías distintas e incluso diverxentes nun clima de diálogo e respecto. Hai pois, entre os nosos veciños e veciñas, xente de todas as ideoloxías e capacidades en disposición de desenvolver eficientemente as tarefas que o cargo de concelleira leva consigo, sen ter que recorrer á xente que non vive en Cambre.

Xente que ademais de non vivir en Cambre, non tributa en Cambre, nin fai uso das súas instalacións ou servizos públicos como un veciño ou veciña máis, nin sofre as penalidades que se poidan rexistrar na nosa vida cotiá nin pode desfrutar dos logros que entre todos e todas conseguimos como veciños e veciñas para o noso concello, porque simplemente non forma parte de Cambre.

É por iso que, non cuestionando a lexislación en vigor, co obxecto e finalidade de acadar unha maior transparencia diante do conxunto da nosa poboación, mellorar a calidade da nosa vida democrática, poder atender máis e mellor aos nosos veciños e veciñas, cumprir á altura do que a lóxica demanda as funcións, dereitos e deberes que as persoas integrantes do Pleno municipal teñen encomendadas, propónse ao Pleno municipal a seguinte proposta de ACORDO:

Único: O Pleno municipal do Concello de Cambre insta publicamente aos grupos políticos presentes no noso concello a que todas as persoas concelleiras deste pleno municipal sexan veciñas de Cambre."

Sometida moción a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo). Votan en contra os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta – 01:48:08 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON para instar aos grupos políticos de Cambre a que as persoas concelleiras sexan veciñas de Cambre. Votan a prol os catro concelleiros presentes do PP (dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE

(dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e os dous concelleiros non adscritos (don Manuel Rivas Caridad e don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Faise constar que cando son as vinte e unha horas e corenta e oito minutos, auséntase da sesión dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP.

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON para controlar a proliferación das apostas *online* e casas de apostas e tomar medidas de prevención ante a ludopatía

Presentada a través do Rexistro Electrónico Común o día 28 de xaneiro de 2019, e rexistrada de entrada no concello ao núm. 900/254 o día 28 de xaneiro. Consta do seguinte teor literal:

“

“... porque outra das funcións do deporte é ir erradicando cada vez máis da nosa patria o xogo, é dicir o vicio do xogo. Sabido é que outra das grandes batallas libradas victoriosamente pola revolución é a batalla contra o xogo. As clases explotadoras esforzábanse por corromper ao pobo; por iso é polo que no noso país había tal diversidade de xogos de todo tipo, desde a boliña ata os casino.”

Discurso de Fidel Castro na clausura do Congreso de Voluntarios do Instituto Nacional de Deportes, Educación Física e Recreación (INDER).1961”

Dende hai uns anos proliferan os anuncios en televisión, radio, prensa escrita, redes sociais... de casas de apostas deportivas *online*. Casas de apostas que inxiren a súa publicidade en eventos deportivos, especialmente nas retransmisións deportivas e que mesmo chegan a utilizar estrelas do fútbol para animar aos televidentes a que aposten. Un sistema de xogo moito máis aditivo, sen pausas, con bono “de balde” de entrada, e sobre todo cun inmenso investimento en publicidade que representa xusto os valores contrarios ás formas máis pausadas e tradicionais de apostar, como a lotería do Nadal, a quiniela ou os cupóns da ONCE.

Hai 613.812 usuarios activos nas casas de apostas, segundo o último Informe trimestral do mercado do xogo *online*, un 13,44% máis que no mesmo segmento de 2016. Non só corresponde ás apostas deportivas, tamén a póker, casino e bingos virtuais. Ata setembro de 2017, os operadores gastaron máis de 140 millóns de euros en promoverse. En España hai máis de medio centenar de empresas con licenza no negocio *online* e presencial.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adicións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas. Consiste na perda do control do comportamento en relación co xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo.

A clase traballadora, que normalmente non pode acceder a un traballo estable –dado o enorme paro crónico– é tentada a arriscar as súas rendas gañadas en traballos precarios. Non é estraño que nos barrios e localidades onde menos renda hai, sexa onde as políticas neoliberais máis efectos negativos causen a través das casas de apostas. Estas afectan especialmente á mocidade, onde a falta de expectativas e dun futuro estable é o caldo de cultivo perfecto para ter doses rápidas de adrenalina e onde tentar conseguir diñeiro sen esforzo.

Tampouco é admisible que as casas de apostas aumenten día a día os seus beneficios e deixen ás familias e ao conxunto da sociedade a obriga de custear integramente o tratamento das persoas ás que engancharon. É de xustiza, polo tanto, aumentar a contribución que os beneficios destas empresas teñen que facer ao conxunto da sociedade para que se poida tratar de maneira eficaz ás persoas adictas ao xogo e para que se poidan investigar eses mecanismos e previr futuras adicións.

De forma física ou a través de Internet, o que se esconde detrás de cada aposta é o mesmo: fanche crer que non é necesario traballar para xerar riqueza, que podes investir o teu diñeiro e, se o fas ben, multiplícalo. Este conto liberal obvia que o teu beneficio implica que alguén como ti está a perder o seu diñeiro, tamén obvia que un día gañaches pero ao seguinte podes perder moito máis. Non é cuestión de xeito que, en última instancia, sexa o dono da casa de apostas o único que gaña, é cuestión de matemáticas.

É o momento de que as diferentes institucións adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo antes de que se converta nunha secuela sen retorno.

Expomos nesta moción unha serie de medidas, a nivel municipal e supramunicipal, para atallar esta problemática. Por un lado, entendemos que é necesario prohibir a publicidade destes locais e frear a súa expansión a través das ordenanzas ou as normas urbanísticas, tamén son importantes as medidas de prevención ante a ludopatía. Por último, expomos unha serie de propostas a nivel fiscal para gravar a actividade das casas de apostas e do xogo *online*.

Por todo isto, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Instar ao Goberno do Estado a reformar a Lei xeral da comunicación audiovisual e a Lei xeral de publicidade para que se regule a publicidade das casas de apostas e se prohiba o que estas empresas poidan anunciar para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil, e a impulsar o Real decreto de comunicacións comerciais das actividades do xogo e de xogo responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas *online*.

Segundo: Instar ao Goberno autonómico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de metros de separación ou por núcleos de poboación, para frear así a súa expansión.

Terceiro: Instar ao Goberno autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos e casinos.

Cuarto: Instar ao Goberno local a que estude a revisión das ordenanzas ou do PXOM para introducir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

Quinto: Instar ao Goberno local a que, a través da Ordenanza de publicidade exterior, regule a eliminación de calquera cartelería do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, cinguíndose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

Sexto: Instar ao Goberno local a que realice actividades informativas nos centros escolares para profundar no uso que fan os mozos dos xogos *online* e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso e a que poña en marcha modelos de lecer e espazos de socialización xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer san, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

Sétimo: Instar ao Goberno local a que reforce a formación da Policía local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

Oitavo: Instar ao Goberno local a que solicite aos equipos de calquera tipo de deporte locais e aos seus xogadores e xogadoras a colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, pondo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

Noveno: Instar ao Goberno do Estado a aumentar o tipo aplicable no Imposto sobre actividades do xogo para as casas de apostas e do xogo *online*.

Décimo: Instar ao Goberno local a que cre unha taxa específica por utilización ou aproveitamento especial de dominio público local, que teña que ser aboada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directa á vía pública ou en liña de fachada.»



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), propón modificar os acordos no seguinte sentido:

- incluír nos puntos segundo e terceiro a referencia aos centros escolares, centros xuvenís, bibliotecas ou establecementos frecuentados por menores de idade, eliminando a referencia aos núcleos de poboación
- no punto quinto, aplicar limitacións publicitarias no espazo, de xeito que ese espazo non inclúa os que están preto de colexios e de menores, ao igual que no punto segundo
- no punto oitavo dos acordos o mesmo sobre a publicidade, limitada pero non prohibida
- eliminar dos puntos noveno e décimo o establecemento de impostos e taxas e substituílas por medidas de carácter reeducativo
- incluír un novo punto nos acordos co seguinte teor literal:

“Instar á Xunta de Galicia a modificar o Plan sectorial para incluír a prohibición de apertura deste tipo de establecementos nas inmediacións de centros escolares, institutos, centros xuvenís e zonas de alto tránsito de menores de idade.”

O grupo propoñente da moción acepta a modificación proposta no que se refire aos puntos segundo e terceiro, así como a inclusión dun punto décimo primeiro.

Sometida a moción a votación ordinaria do Pleno, coas modificacións propostas por Ciudadanos e aceptadas polo grupo propoñente relativas aos puntos segundo, terceiro e inclusión dun punto décimo primeiro, votan a prol os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os tres concelleiros presentes do PP (don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Manuel Rivas Caridad).

O Pleno municipal, por tres votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Instar ao Goberno do Estado a reformar a Lei xeral da comunicación audiovisual e a Lei xeral de publicidade para que se regule a publicidade das casas de apostas e se prohiba o que estas empresas poidan anunciar para facer efectiva a protección do público infantil e xuvenil, e a impulsar o Real decreto de comunicacións comerciais das actividades do xogo e de xogo responsable co obxectivo de restrinxir a publicidade para xogos e apostas *online*.

Segundo: Instar ao Goberno autonómico a que, igual que pasa co gremio de tabacaleras ou farmacias, limite a apertura das casas de apostas físicas mediante o establecemento dun mínimo de metros de separación respecto dos centros escolares, centros xuvenís, bibliotecas ou establecementos frecuentados por menores de idade, para frear así a súa expansión.

Terceiro: Instar ao Goberno autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e inmediacións dos centros escolares, centros xuvenís, bibliotecas ou establecementos frecuentados por menores de idade.

Cuarto: Instar ao Goberno local a que estude a revisión das ordenanzas ou do PXOM para introducir limitacións urbanísticas á implantación de locais de apostas nas inmediacións de espazos frecuentados pola infancia, a adolescencia e a mocidade, como os centros educativos, culturais, deportivos ou xuvenís.

Quinto: Instar ao Goberno local a que, a través da Ordenanza de publicidade exterior, regule a eliminación de calquera cartelería do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, cinguíndose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.

Sexto: Instar ao Goberno local a que realice actividades informativas nos centros escolares para profundar no uso que fan os mozos dos xogos *online* e de apostas e nos posibles problemas derivados deste uso e a que poña en marcha modelos de lecer e espazos de socialización xestionados directamente pola mocidade onde poidan desenvolver un lecer san, que potencie o coñecemento, o deporte e as artes.

Sétimo: Instar ao Goberno local a que reforce a formación da Policía local de modo que se familiaricen coas infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo, particularmente no acceso de menores de idade, persoas incapacitadas legais e persoas co acceso ao xogo legalmente restrinxido.

Oitavo: Instar ao Goberno local a que solicite aos equipos de calquera tipo de deporte locais e aos seus xogadores e xogadoras a colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, pondo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.

Noveno: Instar ao Goberno do Estado a aumentar o tipo aplicable no Imposto sobre actividades do xogo para as casas de apostas e do xogo *online*.

Décimo: Instar ao Goberno local a que cre unha taxa específica por utilización ou aproveitamento especial de dominio público local, que teña que ser aboada polos establecementos que instalen pantallas ou outro tipo de dispositivos para desenvolver a súa actividade empresarial con fronte directa á vía pública ou en liña de fachada.

Décimo primeiro: Instar á Xunta de Galicia a modificar o Plan sectorial para incluír a prohibición de apertura deste tipo de establecementos nas inmediacións de centros escolares, institutos, centros xuvenís e zonas de alto tránsito de menores de idade.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

Acceso á videoacta – 02:07:01 horas

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 02:07:44 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2/2019, do 3 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 5 ao 9 de xaneiro de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 22/2019, do 10 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Leonor Fernández Grande dende o día 10 ao 13 de xaneiro de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución número 1841/2016, de data 18 de novembro.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 23/2019, do 10 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Josefa Vázquez Soto, desde o día 14 ao 29 de xaneiro de 2019, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 18 de novembro de 2016.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 24/2019, do 10 de xaneiro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de dona María Dolores Blanca García Fernández, desde o día 5 ao 15 de febreiro de 2019, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por don Óscar A. García Patiño, quen ostenta a presidencia da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 446/2016, do 18 de marzo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, dona María Dolores Blanca García Fernández continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 02:08:46 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/621 o día 28 de xaneiro de 2019.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:08:50 horas

Lee o rogo don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Son numerosas as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular se ten interesado polo estado das distintas vías, camiños ou estradas que discorren polo noso municipio, así como a necesidade de mellorar a seguridade viaria nel. Nesta ocasión son os veciños de Anceis os que se interesan polo estado no que se atopa o viario que une a Rocha con Anceis, paralelo á autovía, xusto debaixo da ponte da propia autovía.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se acompañan a este rogo, na dita estrada existe unha fochanca que, ademais de constituir un serio risco para a seguridade viaria, vai aumentando o seu tamaño a medida que pasan os días, motivo que aconsella a súa reparación inmediata.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do Goberno municipal que se adopten as medidas oportunas para resolver á maior brevidade posible o problema advertido.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 02:11:45 horas

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

Veciños da praza Europa vén requirindo ao concello a posibilidade de que se lles faga entrega do proxecto de remodelación da praza en cuestión, co fin de poder examinalo con detemento e poder achegar, como principais afectados, as súas reflexións e consideracións ao respecto. É un feito evidente que os veciños da dita praza non comparten a planificación de obras proposta polo Goberno local, por non supoñer mellora ningunha do contorno no que viven, manifestando en reiteradas ocasións o seu malestar pola redución de zonas verdes no contorno, a incoherente disposición de sendas, así como pola falta de atención e a carencia de aclaracións por parte dos responsables municipais.

Ante a pasividade do Goberno local en atender debidamente aos veciños da praza Europa, estes acordaron por unanimidade, en data 24 de xaneiro de 2019, comunicar formalmente ao Goberno de Cambre o seu claro desacordo con tales obras e a necesidade de chegar a puntos de acordo co Goberno municipal. Por iso rogamos ao Goberno local que se abra de forma urxente un espazo de diálogo cos veciños da mancomunidade da praza Europa, co fin de escoitar aos residentes da zona afectada, revisar o proxecto presentado e adaptalo ás demandas que propoñen.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta o rogo.

Faise constar que ás vinte e dúas horas e vinte minutos, durante a contestación deste rogo, auséntase do salón de sesións o señor alcalde e asume a presidencia o primeiro tenente de alcalde, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, ata a reincorporación de don Óscar A. García Patiño ás vinte e dúas horas e vinte e tres minutos.

3º rogo - Acceso á videoacta – 02:42:22 horas

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

O desenvolvemento e impulso do comercio local, así como doutras pequenas e medianas empresas con establecementos abertos ao público, como sucede coa hostalería, precisa de programas municipais orientados a acadar especificamente os ditos obxectivos, que non son outros, especialmente na tradicional campaña de Nadal, que o incremento das vendas e o retorno de clientes ao longo do período de compras. Por conseguinte, a campaña do Nadal de comercio, ten que orientarse de forma efectiva, logrando ao mesmo tempo a satisfacción do cliente e o comerciante e evitando que gran parte do gasto de Nadal saia fóra do noso termo municipal.

Tendo en conta os datos e os deficientes resultados das campañas de Nadal dos últimos catro anos. Tendo en conta as comunicacións recibidas por numerosos comerciantes, así como o feito de que gran parte dos premios non foron repartidos, rogamos do equipo de goberno por cuarto ano consecutivo, que dunha vez por todas adopte as medidas necesarias para que os comerciantes e hostaleiros de Cambre poidan beneficiarse da campaña de Nadal que se merecen, que non sexa froito da improvisación e a desgana e que repercuta de maneira real nas vendas e na satisfacción do público.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta o rogo.

Rogos de ACdC-SON presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 28 de xaneiro de 2019, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/270 o día 29 de xaneiro.

1º rogo - Acceso á videoacta – 02:50:02 horas

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

No mes de outubro pasado dende o noso grupo denunciámos a situación perigosa e irregular existente na rúa Fontenla pola existencia dun depósito de residuos sólidos urbanos onde os tractores baleiran o contido de fosas sépticas.

O compromiso do Goberno para solucionar a situación foi expresado por ata dous concelleiros e o propio alcalde.

Varios meses despois a situación dos tubos é a mesma, e atopamos que preto deste lugar existe un pozo cuberto con uralitas e suxeito con pedras.

Este pozo, do que descoñecemos situación e profundidade, é plenamente accesible, as uralitas que o cobren tamén son un residuo altamente contaminante, tóxico e prohibido, e as pedras que as suxeitan poden ser retiradas ata por calquera cativo que estea xogando pola zona.

Dende ACdC lamentamos que a falta de compromiso deste Goberno chegue incluso a non atender situacións potencialmente perigosas, expresando cun simple “recollemos o rogo” unha inobservancia e falta de responsabilidade no que debería ser unha actuación inmediata, senón para a súa solución, polo menos para unha sinalización ou advertencia para que non se depositen residuos nun lugar non autorizado para iso.

Se no mesmo momento que se acode a observar a zona e a sinalizala se detecta que a escasos metros existe un pozo tapado con uralitas, a obriga do Goberno é actuar inmediatamente.

Unha vez que dende ACdC trouxemos este asunto a pleno e non se nos atende, unha vez máis vémonos na obriga de denunciálo, así como de dar coñecemento da ausencia de actuación por parte de quen é máxima autoridade no asunto.

Pregamos sexan tomadas medidas inmediatas para dar cumprimento ao compromiso adquirido no mes de outubro, así como o inicio do expediente pertinente para asegurar o pozo existente nas inmediacións da arqueta para evitar calquera tipo de desgraza por ter un pozo a pé de estrada plenamente accesible para calquera que queira achegarse a el.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 03:04:53 horas

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

Veciños da praza Europa, no centro de Cambre, contactan coa Asemblea Cidadá de Cambre para mostrar a súa preocupación pola situación na que se atopan inmersos.

Existe un recentemente aprobado proxecto que prevé a remodelación da praza que non conta co visto e prace dunha parte importante das veciñas e veciños residentes nas súas inmediacións.

A queixa maioritaria que se nos fai chegar radica, non tanto no desacordo co proxecto, senón na falta de comunicación e información por parte do Goberno municipal ás demandas de información da comunidade veciñal.

Isto é absolutamente intolerable e ten que dárselle unha solución inmediata.

A contorna do centro de Cambre xa vén de sufrir varios reveses urbanísticos consecuencia de ter unha Concellería de Urbanismo dirixida por quen non ten capacidade de diálogo e ningunha empatía polas demandas veciñais. Numerosos son os exemplos que avalan esta afirmación, tales como a pretendida imposición das contribucións especiais, a remodelación de espazos sen PXOM que sustente o criterio ou a priorización na modificación de normas subsidiarias e aprobación de unidades de execución urbanísticas totalmente obsoletas que danan gravemente a ordenación urbanística do noso concello.

Tamén entendemos que é unha obriga dun Goberno que constantemente se autoproclama transparente, dialogante e accesible, escoitar as demandas veciñais, non só daquelas persoas que son afíns, senón de toda a veciñanza.

A mostra de que isto non é así é que as mesmas comunidades que conforman a contorna da praza de Europa amosan a súa insatisfacción coa precariedade no mantemento dunha praza que é pública. Relatan ao noso grupo que pouco máis se fixo nesta lexislatura que cimentar algunha lastra solta de cando en vez. Durante un ano están a sufrir apagamentos na iluminación pública, as lámpadas que se funden non son repostas, moitas das árbores secaron e non se substituíron, a poda das árbores da praza é inexistente, sen mencionar o estado de sucidade que presentan as beirarrúas.

Con base no anteriormente exposto, e de acordo coas peticións veciñais recibidas, dende o grupo de Asemblea Cidadá de Cambre, pregamos:

Que o Goberno municipal inicie unha mesa de diálogo na que o proxecto existente quede claro para todas as persoas residentes nas inmediacións e que demandan información e da que formemos parte tamén Asemblea Cidadá de Cambre, como parte implicada, así como os grupos municipais que tamén o requiran. Esta mesa terá como obxecto conseguir un acordo que supoña un grao máximo de consenso e un criterio razoable e satisfactorio non só para o concelleiro de Urbanismo e os técnicos do concello, senón tamén para aquelas persoas e comunidades que residen na praza e que deben ser escoitados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 03:08:29 horas

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

Son múltiples as ocasións nas que dende o grupo de Asemblea Cidadá de Cambre nos temos dirixido ao Goberno municipal, e máis concretamente á Concellería de Obras e Servizos, en relación cun cable do tendido eléctrico que leva descolgado dende principios do mes de xaneiro, no camiño do Cepal, en Altamira.

Ademais das múltiples ocasións, son tamén varios e diversos os medios que utilizamos para facerlle ceugar á concelleira a “urxencia” na xestión desta perigosa situación, dándonos a calada por resposta.

Moitas semanas despois, damos por feito que a ausencia de actuación neste asunto obedece a algún tipo de variable que nós descoñecemos.

Entendemos que a liña non é municipal, comprendemos que a burocracia é lenta, comprendemos que as grandes compañías necesitan de tramitacións molestas para poder solucionar as reclamacións. O que non podemos comprender é que dende a Concellería de Obras, dende a de Seguridade Cidadá ou dende a propia Alcaldía, non exista nin a máis mínima sensibilidade nin intención de protexer a seguridade das veciñas e



veciños, sinalizando ou protexendo a zona para que ningún peón ou vehículo poida sufrir as consecuencias de entrar en contacto cunha liña eléctrica.

Pregamos sexa sinalizado con carácter inmediato, o perímetro de seguridade necesario para que calquera persoa vexa con suficiente antelación a existencia dun perigo e se evite un eventual contacto coa liña, sen esquecer as necesarias xestións que se teñen que facer coa compañía eléctrica para a suxeición da liña, de xeito que non volva a descolgarse, como xa ten sucedido.

Dona Elisa Pestonit, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta o rogo.

Rogos de C's presentados por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 28 de xaneiro de 2019, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/271 o día 29 de xaneiro.

1º rogo - Acceso á videoacta – 03:11:30 horas

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

O pasado mes de decembro Ciudadanos Cambre visitou, entre outras, á Asociación de veciños de Santa M^a de Vigo.

Entre as numerosas necesidades que nos comunicaron, cremos que dous de elas merecen un esforzo por parte deste Goberno para a súa pronta solución.

Son promesas incumpridas que fixeron mela na confianza de numerosos veciños, porque o que vostedes prometen, e logo non cumpren, aféctanos a todos. Por tanto rogamos:

Unha estufa de pellets para poder facer uso do xélido local social.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 03:13:06 horas

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Segundo co reiterado incumprimento dos compromisos adquiridos por este Goberno coa Asociación de Sta. M^a de Vigo.

Rogamos a reparación das humidades no almacén anexo ao local social do cal achegamos fotografías do seu lamentable estado de conservación.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, contesta o rogo.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 03:17:19 horas

Rexistradas de entrada ao núm. 0/622 o día 28 de xaneiro de 2019.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:17:23 horas

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

Ante o importante papel de difusión de noticias de interese para os veciños que xogan os paneis informativos situados no noso municipio (como o horario dos servizos públicos máis importantes, as convocatorias de plenos, actos, conmemoracións, festividades, estado do tráfico, campañas en vigor, subvencións, entre outras informacións propias do servizo público), no pleno ordinario do pasado mes de xuño, o Grupo Municipal Popular preguntou ao equipo de goberno cal era o motivo da falta de funcionamento dos paneis informativos do noso municipio, a data na que se tiña previsto emendar o dito problema e as actuacións previstas para o seu adecuado mantemento.

A contestación do concelleiro de Recursos Humanos foi a verificación de que os ditos paneis se atopaban inservibles pero en fase de contratación.

Transcorridos máis de seis meses dende entón, os ditos paneis informativos non só seguen sen prestar o servizo que lle é propio, senón que se atopan en peor estado, tal e como demostran as fotografías que se achegan. De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente sobre as intencións e perspectivas do equipo de goberno respecto dos paneis informativos existentes no noso concello.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:18:51 horas

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

Este Grupo Municipal Popular tivo coñecemento da celebración por parte dos responsables do noso concello, dun contrato menor mediante o sistema de vale pedido para a prestación do servizo consistente na elaboración por parte dun coñecido despacho de avogados externo, dun informe xurídico sobre a viabilidade das actuacións xudiciais a emprender polo noso concello contra o proxecto construtivo e de trazado da vía Ártabra: tramo AC-221 (polígono de Cambre) Autoestrada AP-9-Autovía A6.

Contrato menor que supuxo un desembolso inicial de 3025 € que saíron das arcas municipais para, en teoría, proceder exclusivamente ao estudo de viabilidade da interposición dos ditos recursos. Gastos aos que haberá que engadir, caso de que se interpoñan os ditos recursos, os propios da interposición.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao Sr. alcalde de Cambre, competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación do contrato, sobre a necesidade de celebrar o dito contrato para proceder exclusivamente ao estudo da viabilidade da interposición de recursos xudiciais, encargalo a un despacho externo (non utilizando os recursos propios), que iso non supoña un fraccionamento do obxecto do contrato e utilizar o sistema do vale pedido.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:22:34 horas

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O pasado 23 de novembro, o Grupo Municipal Popular presentou por rexistro municipal solicitude de que polo concelleiro de Patrimonio se informara sobre o número de asistentes á viaxe organizada con ocasión das "Xornadas Castrexas", así como o seu itinerario pola provincia de Lugo.

Transcorridos máis de dous meses dende a presentación da dita solicitude escrita sen que polo mencionado concelleiro se teña respondido á nosa petición, dende o Grupo Municipal Popular reitérase a solicitude de informe sobre a dita viaxe organizada, que inclúa as posibles eventualidades acaecidas durante ela.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdC-SON presentadas por escrito

Presentados a través do Rexistro Electrónico Común o día 28 de xaneiro de 2019, e rexistrados de entrada no concello ao núm. 900/272 o día 29 de xaneiro.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:24:20 horas

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Na rúa Pumar Méndez número 10, dende hai moito tempo véñense producindo desprendementos de cascotes da fachada da edificación ruínosa que nun momento determinado foi balizada pola policía local cunha cinta na súa fachada frontal.

Nunha das fotografías que acompañamos pódese ver con claridade como existe desprendemento constante de cascotes e uralitas que ben poden caerlle enriba a calquera peón ou neno que se atope xogando nas inmediacións.

Unha simple cita da policía non evita un desprendemento nin un potencial accidente indesexable.

Pode a autoridade responsable facernos o relato das actuacións pasadas, presentes e futuras feitas e previstas para corrixir esta situación perigosa?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:26:51 horas

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

O estado de deterioración que podemos observar na pista de skateboard fai que o que fora unha obra celebrada e ambiciosa quedara relegada a un lugar cheo de gretas e sen mantemento.

Lembremos que esta pista fora enmarcada dentro dos equipamentos deportivos do Plan Arume e adjudicada a Alvac, S.A. e o seu orzamento ascendera a 140.000 euros aproximadamente.

As fotografías que acompañamos a esta pregunta ilustran o estado de deixamento, dano e inseguridade que a día de hoxe mostran a práctica totalidade das ramplas.

Pódese observar que nas partes nas que o formigón é menos grosso, a armadura xa comezou coa súa oxidación sendo as fracturas perfectamente visibles.



As fochancas que xa fixeron a súa aparición son absolutamente inexplicables dende o punto de vista da resistencia se temos en conta o uso ao que se destinan.

Tamén entendemos que a inauguración foi hai sete anos, o estado de deterioración debera ser estudado e analizado polos servizos técnicos do concello, ou ben para reparalos ou ben para esixir responsabilidades á empresa construtora se iso fose posible polo pouco tempo pasado e as deficiencias presentads.

Pode o Goberno municipal informarnos das xestións realizadas ben para reparar estas deficiencias ou para esixir responsabilidades, se proceden, á empresa construtora?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:29:45 horas

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Dende o noso grupo e ao longo desta lexislatura temos reclamado en múltiples ocasións varias deficiencias en diferentes centros de educación, tanto infantil e primaria como en educación secundaria.

Varios exemplos xustifican esta iniciativa, dende a ausencia de prazas de comedor para moitos dos nosos nenos e nenas, os malos olores, os problemas de comida en comedores, etc.

A concelleira responsable de Educación afirmou en varias ocasións en sede plenaria que moitos dos asuntos que nós levamos anos formulando, así como “outros moitos” ían ser trasladados ao responsable da Consellería de Educación da Xunta de Galicia nunha reunión da que se nos ía informar pormenorizadamente, segundo as súas propias palabras.

A día de hoxe, os problemas seguen a ser os mesmos, a reunión non sabemos se foi celebrada, e no caso de que así fora, a nós ninguén nos informou de nada.

Dende ACdC preguntamos:

Cal é o resultado das presuntas e presumibles reunións celebradas entre a concelleira de Educación do Concello de Cambre co responsable ou responsables de Educación da Xunta de Galicia, con especificación concreta de todos os temas tratados e previsión futura para a súa solución?

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Integración Social, Familia, Muller, Terceira Idade, Políticas de Igualdade, Acción Voluntaria e Educación, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e trinta e oito minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia